

# GLOSARIO VIOLETA



***Glosario Violeta***

Sofía Rama Lorenzo

(coordinadora do alumnado do IES Félix Muriel de Rianxo)

Edición: Concello de Rianxo

Impresión: Creade Impresión Dixital

Rúa Amor Ruibal, 17

15702 Santiago de Compostela

Depósito Legal: C 1962-2023



**Rianxo**  
Concello

# GLOSARIO VIOLETA



# A MANEIRA DE INTRODUCCIÓN

A nosa intención ao crear un *Glosario Violeta* é que sexa unha ferramenta útil para quen precisa coñecer algúns termos empregados a diario por todos e todas e que atopamos espallados polas redes, nos libros e en todo tipo de escritos sen conformaren unidade algunha. Da mesma maneira que xa se fixo con moitos outros glosarios e dicionarios, o Grupo de Traballo Feminista de 2º de Bacharelato, do curso 2021-22, quixémolo facer aquí no noso instituto, o IES Félix Muriel, e en lingua galega. Este é o comezo da recompilación de termos que consideramos básicos e que se deberían coñecer; se ben, cada ano será necesario actualizar e ampliar este glosario, nomeando realidades que hoxe descoñecemos; pois *o que non se nomea non existe*.

Hai máis de 40 anos que se publicou o primeiro dicionario de ideoloxía feminista. Dende entón produciuse unha importante evolución en canto á condición e á situación das mulleres na sociedade e ao propio feminismo, que viviu importantes avances nas dúas primeiras décadas do século XXI, pasando a ser un movemento de masas, se ben aínda mantén o estigma nalgúns sectores da sociedade. A evolución do feminismo cara aos feminismos supón, como xa dixemos, a necesidade de incorporar novos termos que pouco a pouco se van consolidando. É por isto que o dicionario irá quedando nas mans das seguintes promocións do alumnado do centro que veñan despois de nós, para que se comprometan coa causa feminista que é a causa de tod@s, porque é a causa da igualdade.

# GLOSARIO DO “A” AO “Z”





A



**Aborto:** Interrupción prematura, é dicir, antes do debido tempo de xestación, dun embarazo.

**Abuso sexual:** Acción na que unha persoa é obrigada a realizar un acto sexual en contra da súa vontade, pois implica a ausencia de consentimento.

**Acción positiva:** Estratexias propostas nos anos 60 polo goberno para loitar contra as desigualdades, sobre todo as de carácter laboral.

**Acoso escolar homóforo:** Danos psicolóxicos, morais ou físicos, que teñen relación co ámbito escolar, por sentir unha orientación sexual distinta.

**Acoso sexual:** Comportamento sexual, verbal ou físico non desexado pola persoa que está sendo acosada que está presente en moitos espazos da vida cotiá. Acontece en situacións nas que hai unha relación de superioridade e a persoa que leva a cabo esa actitude humilla e intimida á outra.



**Agresión sexual:** Delito que se basea en atentar contra a liberdade sexual dunha persoa mediante a forza e a violencia física. Implica a ausencia de consentimento.

**Alienación:** Perda da autoconsciencia, a capacidade dunha persoa para recoñecerse no mundo.

**Amor líquido:** Fraxilidade dos vínculos sentimentais. Alude á necesidade de non establecer raíces emocionais coas persoas que coñecemos coa finalidade de perpetuar a desvinculación emocional.

**Amor romántico:** Sentimento de atracción emocional (non necesariamente sexual) cara unha persoa.

**Androcentrismo:** Visión do mundo no que se impón a experiencia masculina mentres que as aportacións femininas son valoradas como inferiores. Sitúa a interpretación masculina como “a universal”, é dicir, referencial en todos os ámbitos.

**Androxinia:** Calidade dunha persoa de presentar características tanto masculinas como femininas.

**Análise por xénero:** Estudo que cuestiona a interacción dos roles e normas de xénero coas diferenzas biolóxicas que inflúen na saúde das mulleres e dos homes nas distintas etapas das súas vidas.

**Asignación de xénero:** Clasificación do sexo dunha persoa no momento do nacemento baseándose nos seus xenitais, é dicir, unha clasificación realizada dende o punto de vista biolóxico.



**Autoestima:** Valoración positiva que un ser humano posúe de si mesmo. É importante manter unha certa autoestima para saber como nos sentimos e como nos vemos interior e exteriormente. Grazas a esa observación as persoas experimentan un proceso de aceptación de si mesmas o que axuda ao estado de ánimo do ser humano.

**Autonomía física:** Liberdade de tomar decisións sobre o corpo propio, a sexualidade, a reprodución ou o dereito a vivir unha vida libre de violencia.



**Autoridade feminina:** Instrumento co que se pretende acadar a elaboración dunha constitución distinta á dos homes.

**Avaliación do impacto en función do xénero:** Comparación e apreciación dunha situación ou resultado dunha acción política en función dos criterios relevantes con respecto ao xénero.





**B**



**Barreiras invisibles:** impedimentos aos que se enfrenta a muller ao longo da súa vida tanto persoal como profesional, dos cales a sociedade nega a súa existencia.

**Bifobia:** Medo, asco ou odio cara as persoas bisexuais.



**Bisexualidade:** Atracción sexual cara un xénero a maiores do propio, ou ben, cara o xénero propio e os demais. A definición deste termo como atracción “cara homes e mulleres” pasou a considerarse obsoleta nos anos 80, a consecuencia da reivindicación de identidades ata entón invisibilizadas, como as persoas de xénero fluído ou non binario.



***Bollera***: Termo despectivo empregado para referirse ás mulleres homosexuais. Produciuse unha apropiación deste descalificativo por parte da comunidade LGTBIQ+ a xeito de reivindicación e empoderamento.

***Bropropriating***: Situación na que un home se apropia dunha idea dunha muller (xeralmente no ámbito laboral), levando o mérito desta.

***Bullying transfóbico***: Acoso físico, moral e psicolóxico ao que son sometidas as persoas transexuais.





c





**Canon de beleza:** Modelo ideal de características físicas que impón unha sociedade. Varía segundo o contexto histórico e ditan parte da xerarquía que se establece na poboación. Poden incluso conviver dous modelos contraditorios daquilo considerado desexable.

**Capacitismo:** Forma de discriminación contras as persoas con discapacidade ou diversidade funcional. Provoca un sentimento de exclusión social entre as persoas discapacitadas, tanto física como psicoloxicamente. Exemplos desta discriminación son a falta de medios de transporte adaptados para pasaxeiros con mobilidade reducida ou o acoso a persoas con neurodiverxencia.



**Cegueira de xénero:** Desconsideración da dimensión de xénero como categoría significativa para a abordaxe e interpretación dos problemas de investigación. Esta omisión prodúcese a miúdo como consecuencia dunha falta de formación e concienciación na materia arredor do xénero. A miúdo

agóchase tras unha aparente neutralidade de xénero.



**Chan pegañento:** Conxunto de dificultades que teñen as mulleres dentro dos sectores máis feminizados e precarizados nos que non existe nin a posibilidade de ascenso a un teito de cristal.

**Ciberacoso:** Tipo de acoso que se dá de forma reiterada a través dos medios dixitais, coa finalidade de socavar a autoestima e a dignidade persoal da acosada, danando o seu benestar psicolóxico e/ou emocional, ademais do seu status social. Pode efectuarse a través de mensaxes de texto ou voz, imaxes, vídeos, etc.

**Ciberfeminismo:** Movemento que leva o feminismo ao ámbito de internet e a tecnoloxía.

**Ciclo de violencia:** Modelo circular presente na violencia machista formado por tres fases que se reiteran: A acumulación de tensión (berros, violencia verbal), o estalido da tensión (agresións físicas, sexuais ou psicolóxicas) e o arrepentimento (o agresor móstrase incluso cariñoso coa vítima). Esta última fase posibilita o carácter cíclico deste modelo, pois a vítima observa ese arrepentimento e decide non actuar.

**Cisheteropatriarcado:** Sistema construído sobre crenzas e comportamentos que establecen a preponderancia da visión masculina e heterosexual sobre o resto de identidades. Establece como “normal” e “axeitado” o binarismo sexual e a xerarquía de xénero home-muller.









**Cisxénero:** Persoa que se identifica co xénero que se lle asignou ao nacer. Termo oposto a transxénero. A correspondencia cos estándares do modelo de xénero supón un privilexio social. As persoas cisxénero, ao contrario que as trans, non precisan validar constantemente a súa identidade para seren recoñecidas e aceptadas pola sociedade.

**Coeducación:** Educación centrada nas alumnas e nos alumnos considerando a ambos os grupos en igualdade de dereitos e oportunidades. É un método de intervención educativo que vai máis alá da educación mixta, asentando as bases no recoñecemento das potencialidades e individualidades de cadaquén, independentemente do seu sexo.

**Colorismo:** Discriminación cara as persoas en función da súa cor de pel. Termo acuñado en 1982 pola escritora americana Alice Walker, que condenou a primacía dos estándares físicos tradicionalmente europeos.

**Conciliación:** Capacidade para a compatibilización da vida laboral e a familiar.

**Consciencia de xénero:** Comprensión das variadas perspectivas e situacións que diferencian homes e mulleres e que son baseadas nuns patróns aprendidos. Estas reflexións axudan a entender e superar todos os prexuizos e obrigas impostas en base ó xénero.

**Consentimento:** Acordo verbal establecido entre as partes involucradas nun acto sexual ou sentimental, segundo o cal se manifesta expresamente o desexo de seren partícipes do mesmo, de maneira consciente e sen coaccións.

**Consentimento sexual:** Acordo entre dúas ou máis persoas para manter relacións sexuais. Só é válido cando se expresa consciente e libremente (sen estupefacientes nin coacción). Debe ser desexado (tense que mostrar interés) así como específico (só nesa situación).

**Contrafeminismo:** Oposición a algunhas ou todas as formas do feminismo.

**Corpo:** Conxunto de todas as partes materiais que compoñen o organismo do ser humano e animal.

**Corresponsabilidade:** Distribución equilibrada, equitativa e funcional da planificación, organización e realización das tarefas domésticas, o coidado de menores e de persoas dependentes, dos espazos educativos e o traballo remunerado.

**Cotas:** Porcentaxe de representación dun grupo de persoas, por exemplo, o número de mulleres nun sindicato.

**Cousificación:** Actitude que equipara as mulleres a obxectos, reducíndoas completamente ó seu físico, é dicir, ao seu corpo.

**Crime de honor:** Crime no que o culpable xustifica, explica ou atenúa a gravidade do cometido, alegando que foi cometido como consecuencia da necesidade de defender ou protexer a honra da familia.

**Crime de odio:** Violencia exercida contra membros de colectivos vulnerables, por exemplo, persoas dunha expresión sexual ou identidade de xénero non normativas. Esixe unha certa complicidade social á hora de asumir uns estereotipos que identifican a grupos sociais específicos.

***Cross-dressing:*** Caracterización mediante a cal unha persoa ocasionalmente adopta os modismos culturais que convencionalmente se lle asignan ao xénero contrario.



**Culpabilización da vítima (*victim blaming*):** Actitude manifestada en relación a un crime ou abuso segundo a cal se considera que as vítimas dese suceso son parcial ou totalmente culpables do mesmo. Como por exemplo, preguntarlle a unha vítima de violación o seu grao de ebriedade no momento do suceso, que levaba posto, por que volveu soa á casa ou se coqueteou co agresor antes da agresión.

**Cultura da violación:** Conxunto de representacións e actitudes aceptadas socialmente que perpetúan a violencia sexual cara as mulleres. Os mecanismos que fomentan a cultura da violación son a culpabilización da vítima, a normalización, o embelecemento e erotización da violencia sexual e o alto nivel de despreocupación cara agresións a mulleres.

**Cómplice:** Persoa que colabora directa ou indirectamente na execución dun crime. Dentro da violencia machista un cómplice é todo aquel que contribúe a agochar, negar ou incluso colaborar coa violencia da que é consciente.



Atribución da imaxe: Xunta de Galicia



D




**Deconstrución:** Exercicio de avaliación persoal no que a persoa se esforza por desaprender, identificar e eliminar as actitudes machistas ás que estivo exposta toda a vida, facendo ver que existe unha desigualdade entre os xéneros que non é natural e apártase dos termos binarios, home e muller, coñecendo a gran diversidade de sexualidades e xéneros que existen.

**Democracia paritaria:** Forma de organización social e política na que existe igualdade en canto a número e dereitos dos distintos colectivos que conforman a colectividade.

## **Dereitos humanos das mulleres:**

Conxunto de condicións que as mulleres poden esixir para a súa integridade, sen importar factores individuais como a nacionalidade, idade ou relixión. O dereito á educación foi defendido especialmente, xunto co dereito á saúde e á participación política.



Atribución da imaxe: ONU Brasil



**Dereitos reprodutivos:** Conxunto das condicións que protexen a liberdade e autonomía das persoas para decidir sobre a concepción de descendentes, como o tipo de familia que se quere formar, os métodos anticonceptivos empregados ou o aborto legal e seguro. Inclúe tamén os servizos adecuados de fertilización asistida e de saúde *pre* e *post* embarazo.



Atribución da imaxe: Marcha mundial das mulleres

**Dereitos sexuais:** Conxunto de dereitos que buscan defender a liberdade das persoas para exercer a súa sexualidade de maneira saudábel, sen ningún tipo de abuso, represión, violencia ou discriminación.

**Desexo:** Emoción, impulso ou forza que atrae a unha persoa cara o encontro íntimo con outras. Motiva as relacións sociais, a partilla de intimidade, as relacións afectivo-sexuais, e o desfrute da compañía doutros individuos.

**Desigualdade de xénero:** Disparidade de dereitos determinada polo sistema heteropatriarcal de sexo/xénero binario, que regula as relacións sociais a partir das diferenzas percibidas e asignadas a homes e mulleres. Principalmente prexudica o conxunto das mulleres, debido aos roles e estereotipos de xénero que a sociedade interioriza e perpetúa.



## **Desigualdade interseccional:**

Discriminación que se produce pola interacción de varios eixes de desigualdade e opresión como a idade, a clase, o sexo, a diversidade sexual, as crenzas relixiosas ou a orixe nacional ou étnica, entre outros.

**Discriminación:** Trato diferenciado e desigual cara unha persoa ou un grupo de persoas en diversos ámbitos da vida social en función dunha ou varias categorías, sexan estas reais, atribuídas ou imaxinarias, tales como a cultura, xénero, raza, relixión, condicións físicas ou mentais, idade, etc.

**Discriminación indirecta:** Situación producida por unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros que poden ocasionar unha desvantaxe particular a persoas por motivos da orientación sexual, expresión ou identidade de xénero ou pertenza a un grupo familiar no que todos ou algún dos seus compoñentes sexa unha persoa do colectivo LGTBIQ+.


**Discriminación múltiple:** Trato diferente no cal se dan dous ou máis motivos de discriminación, xa sexa de forma acumulativa ou interseccional.

**Discriminación positiva:** Accións dirixidas a reducir as prácticas de discriminación en contra de colectivos excluídos e marxinados. A súa función é a de corrixir a desigualdade.

**Disforia:** Sensación de incomodidade que senten as persoas cara o seu corpo cando senten que os seus atributos físicos non se corresponden coa súa identidade de xénero. No pasado denominábase trastorno da identidade de xénero.

**Disparidade de xénero:** Razóns ou factores que perpetúan a fenda de xénero, como as prácticas tradicionais ou culturais, tanto na educación coma noutros ámbitos.

**Diversidade:** Conxunto das diferentes identidades culturais, sexuais, étnicas etc. que compoñen un grupo. É a desemeallanza, disparidade ou variedade entre persoas.



## **División sexual do traballo:**

Distribución dos labores entre os homes e mulleres segundo os roles de xénero, que atribúen determinadas tarefas a cada parte.

**Dobre moral:** Serie de principios aplicados de maneira distinta en función da persoa que realiza a acción, é dicir, unha reacción distinta ante unha mesma situación debido ao xénero da persoa que realiza a acción.



**Dobre xornada:** Consecuencia da iniquidade nas tarefas produtivas e de coidados que restrinxe as posibilidades laborais e de lecer das mulleres, xerando dificultades para que estas poidan asumir un rol activo como persoas autónomas.

8 DE MARZO DÍA DAS MULLERES

# MOBILIZADXS Xti

Porque o **73%** do emprego que se perdeu en Galicia foi entre as mulleres.

Porque o **87%** das persoas inactivas por coidado de menores ou persoas dependentes en Galicia son mulleres.

#mobilizadxsti



Deputación DA CORUÑA IGUALDADE DE XENERO

***Drag***: Acrónimo de *Dressed as girl* (Vestido de muller). Disciplina artística que consiste na caracterización mediante estereotipos esaxerados de xénero (habitualmente o “oposto”). A súa finalidade é tanto o entretemento e a sátira como a expresión creativa e a celebración de identidades diversas. Aqueles artistas que empregan vestimentas e comportamento tipicamente masculinos denomínanse *Drag Kings*, e *Drag Queens* no caso da caracterización tradicionalmente feminina.

**E**



**Ecofemenismo:** Rama do feminismo que sostén que existe unha interconexión entre a relación de subordinación das mulleres dentro da sociedade e a destrución da natureza. Establece un paralelismo entre os atentados contra a propia natureza e a opresión machista, defendendo a súa codependencia: unha non pode deterse sen a outra.

**Economía feminista:** Corrente de pensamento preocupada por visibilizar as dimensións de xénero na dinámica económica e a súa implicación na vida das mulleres.


**Educación afectivo-sexual:** Actividade pedagóxica que emprega a información obxectiva a nivel biolóxico, psíquico e social para formar en sexualidade, esta educación forma parte do desenvolvemento integral da persoa e fomenta a adquisición da autonomía e da identidade persoal e social.

**Emancipación da muller:** Movemento de reivindicación da muller que loita pola abolición da discriminación en razón do sexo e esixe a plena igualdade de dereitos políticos, xudiciais e sociais.

**Empoderamento:** Proceso colectivo e individual de mulleres e homes, que teñen control sobre a súa vida, establecen a súa propia axenda, adquiren habilidades, fortalecen a confianza en si mesmos, resollen problemas e son autosuficientes.

**Equidade de xénero:** Condición pola que as persoas reciben un trato igualitario, independentemente do xénero, no ámbito social, económico, político doméstico, etc.

**Escola coeducativa:** centro onde se corrixe e elimina todo tipo de desigualdades por razón de xénero ou mecanismos discriminatorios por razón de sexo; no que os alumnos e alumnas poden desenvolver libremente a súa personalidade nun clima de igualdade real e sen ningún tipo de condicionamentos ou limitacións impostas en función do seu xénero ou do seu sexo.






**Escravitude sexual:** Situación dunha persoa cuxa vulnerabilidade é aproveitada por terceiros para sometela a explotación sexual en condicións contrarias aos seus dereitos fundamentais de liberdade, igualdade e intimidade. Este concepto incorpora prácticas como: a explotación da prostitución allea, os matrimonios forzados, o turismo sexual ou o uso de Internet para a explotación sexual e outras prácticas que supoñen o tratamento da muller como propiedade.

**Espazo privado:** Lugar onde unha persoa desenvolve libremente a súa intimidade nun ámbito reservado e inalienable.

**Espazo público:** Lugar que calquera persoa ten dereito a ocupar libremente, respectando unhas normas cívicas determinadas.

**Estereotipos de xénero:** Ideas preconcebidas en forma de actitudes e roles que atribuímos a un grupo determinado, neste caso, ao colectivo de homes e de mulleres.

**Estigma:** Condición, atributo, trazo ou comportamento que introduce á persoa portadora nunha categoría social vista como inferior ou inaceptable. Estas vítimas non se axustan á norma social, que moitas veces teñen que ver co xénero ou a identidade de xénero, a orientación sexual, a etnia, a raza, etc.



**Explotación sexual:** Abuso dunha situación de vulnerabilidade con fins sexuais, servíndose de diferenzas de poder ou da confianza. É un dos fins da trata de persoas, pero inclúe un amplo rango de accións forzadas como a nudez, os embarazos, o matrimonio ou a participación en pornografía.

**Expresión de xénero:** Manifestación externa dos trazos culturais que permiten identificar unha persoa en función da súa identidade de xénero, de acordo con patróns que poden variar segundo a cultura, a historia, a xeración, etc.

**F**



**Falocentrismo:** Ideoloxía que sitúa ó falo, é dicir, o órgano reprodutor masculino, como eixo simbólico da organización social.

**Falso aliado:** home heterosexual que semella apoiar a loita feminista e usa a actitude do aliado para cortexar ás mulleres feministas.



Atribución da imaxe: Rebelión feminista

**Falso consentimento:** Espellismo de consentimento que se dá cando unha persoa non expresa verbalmente a súa vontade de manter unha relación sexual (aínda que si pode expresalo doutro xeito, por exemplo mediante a linguaxe non verbal), por medo, coacción, intimidación, etc. Non está presente unha verdadeira vontade ou desexo.

**Feminazi:** termo pexorativo que desprestixia a loita feminista ao comparar as activistas deste movemento co réxime nazi.



**Feminicidio:** Asasinato dunha muller a mans dun home por machismo o misoxinia. Trátase dun asasinato intencional dunha muller polo feito de selo.

**Feminidade:** Conxunto de características psíquicas, físicas e morais que se consideran socialmente propias do rol da muller ou do xénero feminino. Algúns exemplos son a comprensión, a delicadeza, a mostra de cariño, a educación e o coidado da prole, etc.

**Feminismo:** Conxunto de correntes teóricas, sociais, políticas e filosóficas que buscan unha transformación social baseada na consecución da igualdade de xénero.

**Feminismo da diferenza:** Corrente do feminismo que defende a diferenza sexual como liberadora do sexo feminino e contraria á definición de xénero das mulleres. Nace a mediados dos anos 1960 en Estados Unidos, Francia e Italia durante a segunda onda do feminismo como rama do feminismo radical.

**Feminismo de clase:** Unión das mulleres de clase obreira na loita conxunta contra o patriarcado e o capitalismo.

**Feminismo radical:** Movemento feminista que sostén que a orixe da desigualdade social é o patriarcado, definido como o sistema de opresión dos homes sobre as mulleres. A principal diferenza co feminismo é que este describe a situación da muller como desigualdade, non como opresión ou explotación.

**Feminización da pobreza:** Aumento das taxas de mulleres na pobreza. Algunhas das causas serían os maiores niveis de inseguridade, precariedade e vulnerabilidade que sofren pola súa posición subordinada aos homes no sistema de relacións de xénero.




Atribución da imaxe: Alex Proimos from Sydney, Australia - La Pobreza

**Fenda dixital de xénero:** Desigualdade no coñecemento e dispoñibilidade do emprego de TICs. Existen tres fendas dixitais: a primeira fai referencia ao desigual acceso aos recursos, a segunda ao uso desigual de plataformas dixitais e medios tecnolóxicos relacionados con internet, e a terceira refírese á calidade do uso.



Atribución da imaxe: NASA on The Commons - IBM Electronic Data Processing Machine

***Friendzone***: Termo procedente do inglés, de tradución “zona de amigo”. Cualifica unha relación na que só unha das dúas persoas implicadas na relación sente unha atracción romántica ou sexual pola outra, que non corresponde a dita atracción.



Atribución da imaxe: Wikimedia Commons

**G**





**Gafas violetas:** Termo metafórico que se emprega para referirse ao acto de tomar conciencia das desigualdades de xénero e adoptar unha mirada crítica cara estas.

**Gai:** Persoa, xeralmente un home, que sente atracción sexual por outras do seu mesmo sexo.

***Galletiña feminista:*** Louvanza recibida por un home que alardea de feminista e cre merecer recoñecemento cada vez que defende os dereitos da muller. É a recompensa esperada a cambio dun finxido interese na igualdade de xénero.

**Gordofobia:** odio e desprezo cara os corpos que non entran dentro dos canons corporais normativos.



Atribución da imaxe: RAQUEL BOTELHO LUZ

Н



**Hembrismo:** Actitude de desprezo cara o home ligada a unha idea de superioridade da muller sobre o varón en todos os aspectos da vida.

**Heteronormatividade:** Sistema de crenzas ou suposicións segundo o cal a heterosexualidade é a orientación sexual-afectiva predeterminada ou «normal». Este réxime estigmatiza e marxina a diversidade de identidades de xénero, sexualidades, prácticas e desexos, tratándoa como unha desviación contranatural.

**Heteropatriarcado:** Sistema socio-político no que o xénero masculino e a heterosexualidade teñen supremacía sobre outros xéneros e sobre outras orientacións sexuais.

**Heterosexismo:** Suposición de que toda a natureza heterosexual é superior á homosexual. Este termo tamén implica unha discriminación cara persoas do colectivo LGTBIQ+.



*Atribución da imaxe: Añadida por Lebrato Publicada en Heterosexismo*

**Heterosexualidade:** Orientación caracterizada pola atracción sexual ou desexo amoroso cara persoas do sexo oposto.

**Hexemonía:** Dominancia dun grupo social e a súa correspondente ideoloxía sobre os demais. En relación ao feminismo, a hexemonía estableceríana as mulleres brancas de clase media/alta.

**Home trans:** Persoa que se identifica co xénero masculino na contra do feminino asignado ó nacer.

**Homofobia:** Conxunto de crenzas, actos e manifestacións que sosteñen o rexeitamento cara as persoas homosexuais.

**Homosexualidade:** Orientación caracterizada pola atracción sexual ou desexo amoroso dunha persoa cara outra do seu mesmo sexo.

**HSH:** Persoas de xénero masculino que levan a cabo actos sexuais con membros do mesmo sexo, independentemente de como etiqueten a súa sexualidade. Correspóndese coas siglas de “Homes que teñen Sexo con Homes”.







**Identidade:** Conxunto de características colectivas ou individuais que diferencian un grupo ou persoa do resto segundo criterios psíquicos, físicos, culturais, etc.

**Identidade de xénero:** Percepción e experiencia individual de xénero coa cal unha persoa se identifica. Pode coincidir ou non co sexo asignado ao nacer e tamén é independente da orientación sexual do suxeito.

**Identidade sexual:** Percepción que un individuo ten sobre si mesmo respecto á súa sexualidade ou identidade de xénero.

**Igualdade:** Consecución nun estado social no que se amparan os dereitos humanos de toda a poboación para a construción de mecanismos xustos coa diversidade.

**Igualdade de facto:** Dereitos que se aplican e practican na realidade, logrando cambios que van máis alá das palabras e os acordos escritos, é dicir, con resultados visibles.

**Igualdade de trato:** Ausencia de distinción por motivo de xénero en ámbitos laborais, académicos, profesionais, etc.

**Igualdade de xénero:** Situación na que todos os membros dunha sociedade gozan das mesmas oportunidades, condicións e formas de trato, independentemente do seu xénero.

**Igualdade de xure:** Dereitos humanos comúns a toda a poboación.

**Incorporación da perspectiva de xénero:** Estratexia ou proceso mediante o cal se busca acadar a igualdade. Denomina a existencia de políticas, programas e estruturas institucionais que se centran no remedio das desigualdades sociais.

**Indicadores de xénero:** Ferramentas que serven para medir a situación das mulleres en comparación coa dos homes en distintas esferas da vida.

**Institucionalización de xénero:** Proceso de integración que logra que as institucións tomen en conta as desigualdades sexuais. O ámbito máis importante é o municipal, dado que é o máis achegado ás mulleres.

**Interfobia:** Medo ou rexeitamento cara os corpos que posúen variantes nas súas características sexuais (intersexuais) e polo tanto non clasificábeis dentro do esquema binario de sexo socialmente establecido (home-muller).



Atribución da imaxe: Anderson Costa para Grupo Dignidade. 26 de outubro Día da visibilidade intersexo

**Interseccionalidade:** Enfoque que afirma que o sexo, o xénero, a etnia, a clase, a orientación sexual e outras categorías están interrelacionadas, de maneira que a reunión de varias nunha mesma persoa pode conlevar unha dobre ou múltiple discriminación, como a suma do racismo e o sexismo ou da misoxinia e o clasismo.

**Intersexualidade:** Fenómeno biolóxico polo cal unha persoa nace con órganos sexuais que non se axustan ao que tradicionalmente se considera masculino ou feminino.




## **Invisibilización das mulleres:**

Desvalorización social das actividades e logros dunha muller, xa sexa no ámbito privado, no laboral ou mesmo na educación da descendencia.



Atribución da imaxe: PONLECARAALTURISMO







## **Lavado violeta (*purplewashing*):**

Maneira de actuar propia dalgunhas persoas, institucións ou marcas na que se lanzan mensaxes disfrazados de feministas pero que verdadeiramente discriminan a persoas pola súa etnia ou raza. Por exemplo a acusación de países occidentais a outros países pola calidade de vida das mulleres que non permite chegar á igualdade. En realidade é unha forma de esconder un discurso racista e xenófobo cun discurso aparentemente feminista. No comercial, refírese á promoción de produtos valéndose falsamente de argumentos feministas.

**Lesbianismo:** Termo que cualifica a homosexualidade feminina, é dicir, ás mulleres atraídas de maneira física, romántica ou emocional por outras mulleres.

**Lesbofobia:** Discriminación homófoba e sexista cara as lesbianas, describe tamén o medo por parte de individuos, grupos sociais e mesmo organizacións cara a esta realidade e comportamento non heterosexual.

**LGBTIQA+:** Acrónimo utilizado para representar todas as formas de expresión de xénero, identidade e orientación sexual fóra da cis-heterosexualidade. Cada letra representa a primeira letra das palabras lesbiana, gai, bisexual, trans, intersexual, *queer* e asexual. O “+” (máis) representa todas as persoas que pertencen ó colectivo non representadas polos termos anteriores.



Atribución da imaxe: @valentino\_vecchietti

**Linguaxe non sexista ou linguaxe inclusiva:** Lingua libre de estereotipos discriminatorios e que acolle a representación de mulleres e das persoas LGTBI, é dicir, contribúe á representación de toda a poboación independentemente do xénero. Para a utilización dunha linguaxe non sexista é necesario adaptar as regras lingüísticas, por exemplo adaptar formas sen fórmula feminina como xuíza ou a utilización do “e”, “x” ou “@” para representar indeterminación do xénero.



Atribución da imaxe: CIG-Ensino



**Linguaxe sexista:** Uso da lingua que reforza a desigualdade de xénero e a discriminación cara as mulleres así como a creación de estereotipos. A utilización do masculino como forma neutra e a existencia dunha orde xerárquica ao nomear homes e mulleres reflexa esta discriminación na linguaxe.

**Luz de gas ou *gaslighting*:** Maltrato psicolóxico que fai que a vítima cuestione a súa propia realidade, pense que algo vivido foi mentira e dubida de si mesma debido á manipulación do agresor, quen deforma a realidade da vítima pouco a pouco de forma sistemática.



**M**



**Machirulo:** neoloxismo que se emprega de maneira inconstante no vocabulario feminista, xeralmente, cun sentido despectivo. Trátase de machirulo a aqueles homes que actúan de maneira déspota ante as mulleres.



Atribución da imaxe: Diario Digital Femenino

**Machismo:** Termo de uso social e académico que engloba o conxunto de actitudes, normas e comportamentos que reforzan a estrutura do dominio masculino e heteronormal sobre a sexualidade, a procreación, o traballo e os afectos. Un comportamento machista discrimina e oprime non só ás mulleres senón ás persoas diversas sexualmente.

**Mainstreaming:** estratexia que busca a igualdade entre mulleres e homes nas políticas públicas e supón contribuír a eliminar as desigualdades de xénero e impulsar tendencias de cambio social.

***Mansplaining:*** Maneira paternalista ou condescendente que teñen os homes de explicar algo a unha muller. Por exemplo, explicarlle a unha muller como ten que conducir, sabendo que ten o carné; ou mesmo como teñen que cambiar unha roda, dando por suposto que non o saben facer.

***Manspreading:*** práctica masculina que consiste en sentar cas pernas abertas en lugares públicos ocupando máis espazo do que debería.

***Manterruption:*** interrupción innecesaria por parte dun home a unha muller en medio dunha explicación ou discurso.

**Maricón:** palabra utilizada para designar a persoas con tendencias homosexuais.

**Masculinidade:** Conxunto de características físicas, mentais ou morais que se consideran propias do masculino, fronte ao feminino.



**Masculinidade hexemónica:** modelo de comportamento masculino que logra impoñerse e orixina unha situación de desigualdade; así mesmo fomenta a reprodución de modelos de atracción cara os homes violentos.

**Masculinismo:** ideoloxía e movemento socio-político que busca eliminar o sexismo contra os homes. Tamén pode referirse ao antifeminismo e mesmo á adquisición ou desenvolvemento de caracteres masculinos no sexo feminino.

**Matriarcado:** sociedade na que un grupo de mulleres ten nas súas mans o poder político, económico e relixioso.

**Matrilineal:** sistema de descendencia que se define pola liña materna.

**Matrilocalidade:** convivencia dunha parella casada na residencia da nai da esposa.

**Matrimonio forzado:** unión entre dúas persoas que ocorre sen o consentimento de unha ou ambas.

**Micromachismos:** pequenos xestos sexistas ou machistas que colocan á muller nunha posición inferior ao home en ámbitos sociais, laborais, xurídicos e familiares. O termo fai referencia ás violencias máis invisibles e normalizadas na sociedade, que son máis custosas de percibir pola súa sutileza.

**Microviolencias machistas:** medidas de control e dominio patriarcais que actúan no terreo do simbólico e psicolóxico, e exercen violencia cara as persoas dominadas.

**Misandria:** sentimento de odio cara os homes.

**Misoxinia:** odio ás mulleres. A palabra nace da unión entre os termos gregos “miso” e “gyne”, cuxos significados son respectivamente “odio” e “muller”. A palabra misoxinia é usada para definir o sentimento de aversión, repulsa ou desprezo polas mulleres e valores femininos. Este sentimento tradúcese en comportamentos machistas, que buscan o establecemento e o mantemento das desigualdades e xerarquías entre homes e mulleres, contribuindo á crenza de superioridade do poder e da figura masculina.

**Monogamia:** Vínculo sexual e romántico exclusivo de dous individuos que conforman unha parella.

**Monopolio do home:** Control total do home fronte á muller podendo impor condicións impunemente, e dificultándoo ou imposibilitando liberdades.

**Movemento de mulleres:** grupo ou colectivo humano formado por mulleres activas pola liberación do seu sexo, por seren obxecto da opresión, dominación e explotación por parte do grupo de homes, dentro do patriarcado.

**Movemento feminista:** movemento que defende o dereito das mulleres en ámbitos sociais, laborais e políticos.

**Muller trans:** persoa que a pesar de ser asignada ao nacer ao xénero masculino, identifícase como muller.

**Mutilación xenital feminina:** procedemento que, de forma intencional e por motivos non médicos, altera ou lesiona os órganos xenitais femininos.

**N**





## **Necesidades estratégicas de xénero:**

Carencias que nacen da desigualdade debida á posición de homes e mulleres na sociedade, e pretenden lograr a igualdade entre mulleres e homes así como unha sociedade máis equitativa. Estas necesidades varían de acordo co contexto cultural e sociopolítico no que se desenvolven mulleres e homes; poden incluír temas como dereitos legais, violencia doméstica, igualdade salarial ou o control das mulleres sobre os seus corpos.

**Neomachismo:** Ideoloxía que está a favor da linguaxe sexista. Quen a segue opina que a maioría das mulleres que denuncian poñen denuncias falsas. Normalmente considérase que estes comportamentos débense aos logros feministas. Non se debe confundir así co machismo, pois dise que esta ideoloxía é máis sutil.



Atribución da imaxe: El País

**Neopatriarcalismo:** Nova versión do patriarcalismo tradicional e histórico. O patriarcalismo é unha actitude e unha conduta histórica a cal considera que o home ten o poder primario e predomina no rol de líder. O termo débese a Blanca Muñoz, socióloga, e profesora na Universidade Carlos III de Madrid.

**Neutro ao xénero:** Idea de que a política, a linguaxe e outras institucións deben evitar a distinción de roles segundo o sexo ou o xénero da persoa, coa finalidade de evitar a discriminación derivada dos roles de xénero implantados pola sociedade.

**Negativo ao xénero:** Enfoque da política pública na cal as desigualdades de xénero son reforzadas para lograr as metas de desenvolvemento establecidas.

O



**Obesofobia:** Medo ó aumento de peso ou padecemento de obesidade.

**Orientación sexual:** Patrón de atracción, erótica ou afectiva, cara un determinado grupo de persoas en función da súa identidade sexual. É independente da identidade sexual de cada individuo.

**Organismos para á igualdade:** Conxunto de institucións cuxa finalidade é combater a discriminación cara un grupo minorizado.

**Opresión da muller:** Conxunto de accións discriminatorias baseadas no xénero que atentan contra a integridade física e psicolóxica das mulleres.





P



**Paridade:** Planificación política que busca conseguir a igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos da sociedade, sobre todo nas decisións. Na política xera a accesibilidade das mulleres para que teñan as mesmas oportunidade que os homes na toma de decisións importantes.

**Paridade de xénero:** participación equilibrada de homes e mulleres nos postos de poder e na toma de decisións en todos os ámbitos da vida (político, económico e social), constitúe unha condición sobresaliente para a igualdade entre sexos.

**Patriarcado:** Manifestación do dominio masculino sobre as mulleres e a opresión cara a elas, tanto no ámbito persoal como no público. Hoxe en día case todos os países do mundo réxense por un sistema patriarcal.

**Pedantería masculina:** Actitude dun home para cunha muller co obxectivo de destacar por riba dela a pesar de carecer dos coñecementos dos que presume. Pódese dicir que é unha persoa presumida.

**Permiso parental:** Dereito individual que permite a ausencia no traballo de ambos xéneros traballadores, homes e mulleres, por motivos de nacemento ou adopción dun fillo. Conséguese un beneficio laboral dispoñible en case todas as nacións.

**Persoa:** Individuo da especie humana que ten capacidade de razoar.

**Perspectiva de xénero:** Punto de vista que pretende demostrar que as diferenzas entre homes e mulleres non só se producen por razóns biolóxicas, senón tamén polas diferenzas culturais ou de calquera ámbito asignadas polos roles sociais.



Atribución da imaxe: Gobierno de México

***Pinkwashing:*** Lavado de imaxe rosa que define as prácticas dalgúns gobernos de outorgar un mínimo de dereitos aos colectivos LGTBI –como pode ser o matrimonio- para promover o seu país como tolerante coas minorías sexuais. Estas medidas úsanse para desviar a atención de políticas contra as minorías raciais ou relixiosas.

**Planificación de xénero:** Método que pretende conseguir unha igualdade real entre homes e mulleres a través de medidas temporais que permitan modificar as discriminacións provocadas polo sistema social de xénero.

**Plans de igualdade:** Método que pretende conseguir a participación das mulleres en todos os ámbitos da sociedade.

**Plataforma de Acción de Beijing:** Programa de 1995 sobre os dereitos das mulleres e as nenas de todo o mundo que reúne as persoas en torno a igualdade de xénero. Ten o obxectivo de conseguir un mundo no que todas as mulleres poidan ter liberdades e facer realidade todos os seus dereitos.



**Pluma:** Expresión (ter pluma) para definir os homes con ademáns considerados femininos, que non son os que se esperan deles. Sucede igual coas mulleres cunha estética considerada masculina. Aínda hai xente que relaciona a homosexualidade con xestos ou prácticas que nada teñen que ver coa orientación do desexo. En relación a isto tamén se dá a plumofobia, que é o rexeitamento das persoas que, independentemente da súa orientación, exprésanse dunha forma distinta aos roles de xénero que se esperan delas.

**Poder de decisión:** Dereito a deliberar nun problema co obxectivo de chegar a unha solución.

**Poder:** Capacidade de ter o control nunha determinada situación.



**Poligamia:** Vínculo sexual e/ou romántico que non é exclusivo entre unha parella. Os individuos que conforman unha relación de poligamia teñen liberdade de crear máis vínculos con persoas alleas á parella inicial (esta non ten por que ser conformada unicamente por dúas persoas) pero sempre dentro dunhas normas ditadas polos membros que teñen dito vínculo.

**Políticas asistencialistas:** Medidas sociais que pretenden axudar as persoas ou grupos de persoas que se atopan en condicións de vulnerabilidade, xa sexa de forma temporal ou permanente.

**Políticas de igualdade de oportunidades:** Medidas que pretenden que todas as persoas teñan as mesmas posibilidades e os mesmos dereitos para conseguir unha sociedade igualitaria.

**Políticas de xénero:** Medidas que buscan redistribuír de forma xusta os recursos entre homes e mulleres a través de servizos e programas. Pretenden conseguir unha igualdade na economía, educación e cultura.

**Políticas públicas para a igualdade de xénero:** Medidas que defenden a discriminación positiva para acabar coas prácticas que limitan os dereitos das mulleres. O seu principal obxectivo é mellorar a situación da muller na sociedade.

**Pornografía de desquite:** Consiste en expoñer a unha persoa publicamente co obxectivo de obter algunha contrapartida, porén o dano causado á vítima é devastador.

## **Presupostos sensibles ao xénero:**

Orzamento que contribúe a mellorar a igualdade de xénero e a levar a cabo os dereitos das mulleres.

**Prevenición da violencia:** Conxunto de accións para o impedimento de agresións físicas ou psíquicas debido a comportamentos violentos. Relaciónase coa violencia contra as parellas, os nenos e nenas, adultos ou contra persoas de diferente relixión ou posición social.

**Prevencción do sexismo:** Forma de defender as mulleres ante calquera acto sexista intentando cambiar as ideas erróneas que colocan o home por enriba da muller e discriminan a figura feminina.

**Prexuízo:** Actitude que leva a ter opinións negativas e erróneas cara un determinado tema debido á presenza de estereotipos. No caso do xénero pode ser contra homes ou contra mulleres, sendo o sexismo un claro exemplo.

## **Principios de non discriminación:**

Dereito que defende as persoas de seren marxinadas por calquera motivo co obxectivo de conseguir igualdade na sociedade.

**Privilexio:** Condición de vantaxe que fai destacar a unha persoa ou un grupo de persoas por riba do resto da sociedade.

**Prostitución forzada:** Uso dun ser humano, xeralmente muller, de forma obrigada para fins de explotación sexual co obxectivo de conseguir ganancias nun comercio ilegal.



**Publicidade sexista:** anuncios que intentan afectar a dignidade das mulleres. Nela emprégase o papel da muller como un obxecto sen valor e relacionándoa con comportamentos estereotipados.

**Putofobia:** Termo que se utiliza para referirse ao rexeito ou odio ás persoas que levan a cabo a prostitución.



Q



**Queer:** Concepto que engloba todo tipo de sexualidades e expresións de xénero diferentes da cis-heterosexualidade. Pódese usar para denominar a toda persoa da comunidade LGTBI+. Se ben, en orixe era un insulto inglés para referirse ás persoas con identidades non normativas. Pero, as sexualidades minoritarias, que se sentían excluídas do termo «gai», utilizaron esta inxuria como unha estratexia política para designarse e quitarlle así a connotación negativa.

Hoxe é un concepto interseccional, é dicir, está cruzado pola raza, a clase, a idade, enfermidade, migración etc.

No contexto do Estado español ten relación co uso de “*bollera*” ou “marica” que fixeron grupos activistas na década de 1990 para autodefinirse.

Nalgúns contextos, polos problemas de tradución, empregan termos como «transmaricabollo».

**R**






**Relacións de xénero:** subconxunto específico de relacións sociais que unen os homes e as mulleres como grupos sociais nunha comunidade particular, incluíndo como se distribúen o poder e o acceso e control dos recursos entre os sexos. As relacións de xénero crúzanse cos demais factores que inflúen nas relacións sociais (idade, etnia, raza, relixión...) para determinar a posición e identidade das persoas nun grupo social. Como as relacións de xénero son unha construción social, co curso de tempo poden transformarse e facerse máis xustas.

**Responsabilidades produtivas:** rol asignado ás mulleres que inclúe a fabricación e a comercialización de bens, servizos e recursos para o seu propio sustento e para a súa familia. Son, por exemplo, a docencia e a enfermaría.

**Responsabilidades reprodutivas:** rol asignado as mulleres que inclúe o traballo doméstico, o coidado e educación de fillos e fillas, e o apoio e mantemento do fogar en relacións familiares.

**Revitimizar:** provocar o castigo das vítimas directas ou indirectas de feitos de violencia, mediante accións ou omisións, tales como: rexeitamento, indolencia, descualificación, falta de credibilidade, minimización dos feitos, culpabilización, atraso inxustificado dos procesos, desprotección, negación ou falta de asistencia inxustificada.




Atribución da imaxe: Ilustradora Majo, para Harta.

**Rol:** Conxunto de funcións, tarefas e responsabilidades que se xeran como expectativas/esixencias subxectivas e sociais. Entre os papeis que tradicionalmente se lles asignaron ás mulleres están as responsabilidades reprodutivas e as produtivas.

**Roles de xénero:** Normas sociais e de comportamento que dentro unha cultura específica son amplamente aceptadas como o socialmente apropiado para persoas dun sexo específico. Adoitan determinar as responsabilidades e tarefas tradicionalmente asignadas para homes, mulleres, nenos e nenas (véxase a división sexual do traballo).

Os roles de xénero adoitan estar condicionados pola estrutura do fogar, acceso aos recursos, impactos específicos da economía mundial, unha situación de conflito ou desastres e outros factores de relevancia local, como as condicións ecolóxicas.

Como o xénero, os roles de xénero poden cambiar co tempo, especialmente a través do empoderamento da muller e a transformación das masculinidades.



S





**Sexismo:** Discriminación baseada no sexo que mostra a muller como un ser inferior debido ás diferenzas biolóxicas co home.

**Sexo:** Conxunto de diferenzas biolóxicas que definen os seres humanos como homes ou mulleres.

**Sexualidade:** Conxunto de fenómenos emocionais e de conduta relacionados co sexo, que marcan o ser humano nas fases do seu desenvolvemento.

**Sistemas de xénero:** Estruturas sociais que establecen o número de xéneros e os roles asociados en cada sociedade.

**Sistema sexo-xénero:** Sistema sociocultural, polo que se asocia ao sexo reprodutivo, un conxunto de valores, crenzas e actitudes.

**Símbolo feminista:** Representación da unión entre mulleres.

**Soberanía do corpo:** Parte fundamental do feminismo que loita polo dereito a amar a quen cada persoa queira, a ter fillos ou abortar sen presións externas, e a ter acceso a unha seguridade contra agresións físicas ou emocionais.

**SDSR:** siglas de Saúde e Dereitos Sexuais e Reprodutivos.

**Segregación ocupacional por razón de xénero:** tendencia a que homes e mulleres desempeñen traballos distintos só pola razón do seu xénero. Tamén se denomina segregación no mercado laboral.

**Síndrome de adaptación á violencia doméstica:** condición psicolóxica sufrida polas mulleres vítimas de violencia de xénero. Estas mulleres acaban sentindo que o seu agresor é quen as protexe e desenvolven un sentimento de compaixón e refuxio neles.

**Sororidade:** solidariedade entre mulleres especialmente ante situacións de discriminación sexista e machista.

**Segregación horizontal:** separación por cuestións de xénero no sector laboral, deste xeito provócase o predominio dun xénero en determinados postos de traballo.

**Segregación vertical:** reparto desigual entre homes e mulleres no que os empregos das mulleres se concentrarían nunha escala inferior.

**Sexo biolóxico:** sexo co que se nace, determinado por certos compoñentes biolóxicos.

***Sexting***: recepción ou transmisión de imaxes de carácter sexual a través de redes sociais, pode contarse ou non co consentimento da persoa afectada.

***Sexpreading***: acto ilegal e denunciabile que consiste na difusión de imaxes de carácter sexual sen o consentimento das persoas afectadas.

***Sextorsión***: forma de indución ou chantaxe a través de imaxes ou vídeos de carácter sexual xeralmente difundidas nas redes sociais.

**T**





**Teito de cemento:** conxunto de barreiras coas que se encontran as mulleres para crecer política, social e empresarialmente debido a diferentes motivos, como por exemplo a diferente maneira de entender a ambición persoal.

**Teito de cristal:** Barreira invisible que encontran as mulleres nun determinado momento do seu desenrolo profesional que impide que estas accedan a postos socialmente destacables. Normalmente vem provocado polos prexuizos empresariais que hai arredor da capacidade das mulleres para desempeñar postos de responsabilidade.

**Teito de diamante:** barreira xurdida do feito de que nunha sociedade patriarcal o home sexa un “obxecto de aprecio” e a muller un “obxecto de desexo”. Isto impide que as mulleres sexan valoradas por criterios só profesionais e fiquen subordinadas a unha situación na cal os homes teñen o poder.

**Teoría de xénero:** Idea que sostén a non existencia dunha diferenza biolóxica entre homes e mulleres determinada por factores inherentes ao corpo.

**Todes:** termo internacional inclusivo que ten como intención crear un neutro que integre a todas as persoas sen introducilas de forma preferente nun grupo.

**Traballo comunitario:** conxunto de servizos ou actividades realizados por alguén ou por un grupo de persoas para beneficio público.

**Traballo de coidados non remunerado:** prestación de coidados, habitualmente por parte de coidadoras, sen recibir unha retribución económica a cambio.

**Traballo decente:** labor desenvolvida respectando os principios e dereitos laborais fundamentais. Permite un ingreso xusto e proporcional ao esforzo realizado, sen discriminación de calquera tipo.

**Traballo doméstico:** conxunto de actividades encamiñadas cara a repetición cotiá e cuxa sede de produción é o fogar. Incorpora actividades vinculadas aos alimentos, á limpeza ou ao mantemento da roupa.

**Traballadora sexual:** prestación dun servizo sexual a cambio de diñeiro, na que todas as partes comprometidas o fan por decisión persoal.

**Tráfico de seres humanos con fins de explotación:** Recrutamento de vítimas para obter beneficios económicos aproveitándose inxustamente delas. Realízase a través de axencias de emprego, medios de comunicación e redes sociais. Desenvólvese dende o lugar de orixe da vítima ata outro lugar ou outro país onde vai ser explotada. Esta transferencia pódese realizar dentro do mesmo país ou entre países.

**Trans:** termo xeral para aquelas persoas cuxa identidade e expresión de xénero se diferencia das que están asociadas co sexo que lles foi asignado ao nacer.

**Transexual:** Persoa que non se identifica co sexo asignado no nacemento, polo que se somete a intervencións médicas hormonais ou cirúrxicas co fin de obter as características físicas do sexo contrario ao seu biolóxico.

Comezou a utilizarse desde os movementos sociais para afastarse do contido patoloxizador de transexualidade.

**Transfeminismo:** Corrente do feminismo que abre a porta a outros xéneros para incorporárense dentro do feminismo. Entenden o feminismo como un movemento para loitar contra o heteropatriarcado, unindo a loita LGTBI+ ao propio feminismo e centrándose especialmente en persoas trans, intersexuais e racializadas.

**Transfobia:** Odio, medo e intolerancia a persoas transexuais e travestis, que se amosa en forma de discriminación, burla ou violencia. Defende a crenza social de que a identidade dunha persoa debe corresponderse ao seu sexo biolóxico.

**Transformista:**            persoa            que ocasionalmente adopta os modismos culturais que se lle adoitan asignar ao xénero contrario, normalmente isto conséguese disfrazándose.

**Transversalidade:**    Estratexia    que consiste en integrar as prioridades, situacións e necesidades das mulleres en todas as políticas públicas para promover a igualdade de xénero e impulsar un cambio na sociedade.



**Travesti:** Persoa que expresa o seu xénero, de maneira permanente ou temporal, mediante o uso de prendas de vestir e actitudes do xénero oposto ao seu de nacemento. Isto pode incluír cambios no corpo da persoa ou non.

**Transxenerismo:** Condición dunha persoa cuxa identidade de xénero non se axusta á tipicamente asociada co xénero que se lle asignou ao nacer, pero que non pasou por cirurxía de reasignación de xénero.

**Transxénero:** Termo que se emprega para facer referencia a aquelas persoas que non se identifican coa expresión de xénero que teñen dende o nacemento. Poden modificar o seu corpo para ter o do sexo co que se senten identificados.



Atribución da imaxe: portal das palabras

U



**Universalidade dos dereitos humanos:** Principio presente na Declaración Universal de Dereitos Humanos, reafirmado na Declaración adoptada pola Conferencia Mundial de Dereitos Humanos celebrada en Viena en 1993, vixente hoxe en día e esencial no recoñecemento dos dereitos humanos. Estes están inseparablemente unidos á condición humana, é dicir, os dereitos humanos son propios de todas as persoas e non poden invocarse diferenzas de réximes políticos, sociais ou culturais como pretexto para destruílos ou incumprilos.



**V**





**Violencia contra as mulleres:** Tipo de violencia que é exercida contra a muller polo único motivo de ser muller.

**Violencia de xénero:** Acto violento cara o sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller; así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación da liberdade.

**Violencia feminicida:** Situación progresiva de actos violentos que pode rematar coa morte violenta de mulleres. Casos de mulleres e nenas que son violentadas con crueldade inhumana por seren mulleres e dunha suposta condición débil, ás que o maltrato provoca estragos físicos, emocionais e psicolóxicos, levando a perder a súa liberdade e mesmo a súa vida.



Atribución da imaxe: [femicidio.net](http://femicidio.net)

**Violencia machista:** Conxunto de prácticas, comportamentos e ditos ofensivos contra o sexo feminino ou que tentan marcar unha superioridade dos homes sobre as mulleres en diversos ámbitos da vida.

Medidas de control e dominio patriarcais que actúan no terreo do simbólico e psicolóxico, e exercen violencia cara as persoas dominadas, as mulleres.



Atribución da imaxe: EAPN-  
Galicia

**Violencia obstétrica:** Segundo a OMS, é un tipo de violencia que sofren as mulleres durante o embarazo ou o parto cando reciben maltrato físico ou verbal, humillacións ou procedementos médicos non consentidos. A organización tamén inclúe nas actuacións deste tipo de violencia a non obtención do consentimento informado, a negativa a administrar analxésicos, a neglixencia asistencial ou as graves violacións da intimidade.

**Violencia simbólica:** tipo de violencia que reproduce os estereotipos de xénero e reforza as relacións de dominio-submisión. Os pensamentos, mensaxes, imaxes e comportamentos son os mecanismos empregados pola violencia simbólica para excluír, mediante a humillación e a discriminación, a quen non se axusta aos estereotipos que reproduce.

**Vitimización:** Tendencia dunha ou varias persoas a considerarse vítima (quen sofre calquera tipo de dano por culpa allea).

**Voto feminino:** dereito a votar das mulleres e seren elixidas para cargos públicos. Tamén se coñece como sufraxio feminino.

**Vulnerabilidade social:** situación de indefensión dos grupos sociais máis débiles para afrontar as consecuencias do impacto provocado polo patrón de desenvolvemento vixente na sociedade, cun sistema que os neutraliza ou mesmo se beneficia deles.

X






**Xénero:** Conxunto de valores socialmente construídos que definen as características (emocionais, afectivas, intelectuais) e os comportamentos que cada grupo social asigna como propios e naturais ao feminino e ao masculino. O xénero é aprendido, pode ser educado, manipulado ou cambiado. Un exemplo da adscrición destas características na nosa sociedade é pensar que as mulleres son cariñosas e débiles e os homes fortes e emprendedores. O motivo de que a sociedade establecera a existencia destes dous xéneros é a da diferenciación entre homes e mulleres.

**Xenitais:** Órganos sexuais externos.

**Xenofobia:** Prexuízo, rexeitamento, medo e odio contra persoas estranxeiras, de grupos étnicos diferentes, inmigrantes, ou das cales descoñecemos a súa fisionomía social, política e cultural. Baséase en prexuízos lingüísticos, culturais, relixiosos e históricos co fin de xustificar a diferenciación e a separación total obrigatoria entre diferentes grupos étnicos para preservar a identidade propia. Está estreitamente relacionado co racismo.

**Xerarquización de xénero:** idea construída e difundida socialmente de que o “masculino” ten un valor superior ao “feminino”.





# FONTES DOCUMENTAIS

Alberto Cajal (23-01-2019) ¿Qué es el falocentrismo? *Lifeder*  
<https://www.lifeder.com/falocentrismo/>

Alina Rudel (23-12-2021) La belleza es un mecanismo de dominación patriarcal que mantiene la desigualdad entre hombres y mujeres”, *AmecoPress*  
<https://amecopress.net/La-belleza-es-un-mecanismo-de-dominacion-patriarcal-que-mantiene-la-desigualdad-entre-hombres-y-mujeres>

Arturo Torres, Capacitismo: discriminación contra la diversidad funcional  
Psicología y Mente <https://psicologiymente.com/psicologia/capacitismo-diversidad-funcional>

Beatriz Serrano (13-01-2017) Glosario feminista para principiantes, *Buzzfeed*  
<https://www.buzzfeed.com/beatrizserranomolina/vocabulario-glosario-feminista-para-principiantes>

Carmela S (25-11-2021) Complices noxentos do machismo, *La voz de Galicia*  
[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/vigo/2021/11/25/complices-noxentos-do-machismo/0003\\_202111V25C4991.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/vigo/2021/11/25/complices-noxentos-do-machismo/0003_202111V25C4991.htm)

Cear Euskadi, *Diccionario Cear* (2014) Creative commons, Discriminación  
<https://diccionario.cear-euskadi.org/discriminacion/>

CIG Ensino, *Unidade didáctica para traballar nas aulas de secundaria o 25N*, pp 17-18

CNIG, *Glosario Feminista para la igualdad de género* (2017) Centro de Publicaciones de la Universidad Católica del Ecuador, pp 13-20

Colorismo. Conceptos del feminismo negro (22-08-2016) *Afrofeminas*  
<https://afrofeminas.com/2016/08/22/colorismo-conceptos-del-feminismo-negro/>

Colorismo, nuevo significado. (14-10-2020) *Fundeu RAE*  
<https://www.fundeu.es/recomendacion/colorismo-neologismo-adeecuado/>

¿Cuál es la diferencia entre una Drag Queen y una travesti? (29-05-2015) *W Radio*

[https://wradio.com.mx/programa/2015/05/29/martha\\_debayle/1432915560\\_783636.html#:~:text=DRAG%3A,%2C%20parodia%2C%20s%3A1tira%2C%20etc](https://wradio.com.mx/programa/2015/05/29/martha_debayle/1432915560_783636.html#:~:text=DRAG%3A,%2C%20parodia%2C%20s%3A1tira%2C%20etc)

David Expósito.(28-6-2020).*Breve diccionario de conceptos LGBTQ+:* ¿Qué significa ‘queer’, binarismo de género o ser pansexual?.*Nius*.

[https://www.niusdiario.es/sociedad/diccionario-conceptos-lgbti-significa-queer-binarismo-pansexualidad-pride-orgullo-gay\\_18\\_2970195028.html](https://www.niusdiario.es/sociedad/diccionario-conceptos-lgbti-significa-queer-binarismo-pansexualidad-pride-orgullo-gay_18_2970195028.html)

Descoñecid@.(19-9-2021).*Permiso parental*.*Tusalario.es*.

<https://tusalario.es/leys-laborales/responsabilidades-familiares>

Discriminación indirecta, Diccionario panhispánico del español jurídico, *DPEJ*

<https://dpej.rae.es/lema/discriminaci%C3%B3n-indirecta#:~:text=Gral.,componentes%20sea%20una%20persona%20LGTBI>

¿Empoderamiento o subyugación de la mujer? (1-12-2011) *Scielo*

[https://scielo.isciii.es/scielo.php?script=sci\\_arttext&pid=S1132-05592012000100004](https://scielo.isciii.es/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1132-05592012000100004)

Falocentrismo (24-4-2022) *Galipedia, a Wikipedia en galego*

<https://es.wikipedia.org/wiki/Falocentrismo>

Francisca (27-08-2020). ¿Qué es el purplewashing? *Harta*

<https://www.harta.uy/purplewashing/>

Glosario Coceptual, Cisnormatividad, *Ulagos*

<https://direcciondegenero.ulagos.cl/definiciones/cisnormatividad/>

Glosario de términos, Red Internacional para la Educación en situaciones de emergencia, Conciencia de género <https://inee.org/es/eie-glossary/conciencia-de-genero>

[genero](https://inee.org/es/eie-glossary/conciencia-de-genero)

Glosario conceptos básicos feminismo.(líñas 172-179)

[GLOSARIO CONCEPTOS BÁSICOS FEMINISMO: Según María Moliner sería la “doctrina que considera justa la igualdad de derechos e](#)

Jose Luís (28-01-2019) Ciclo de la violencia de género, *Socpsico*

<https://socpsico.com/ciclo-de-la-violencia-de-genero/>

Juliana Martínez (13-09-2014) ¿Cis qué? *Sentiido* <https://sentiido.com/cis-que/>

Julián Pérez Porto e María Merino.(2019). *Definición de Monogamia*.Definición.de <https://definicion.de/monogamia/>

La desigualdad de género, *Surt* <https://www.surt.org/es/desigualdad-de-genero/>

Los hombres y la corresponsabilidad, asignatura pendiente (10-08-2020)  
*Ajuntament de Barberà del Vallés* <https://www.bdv.cat/es/noticies/mirada-feminista-articulo-para-la-reflexion-los-hombres-y-la-corresponsabilidad-una#:~:text=La%20corresponsabilidad%20se%20define%20como,educaci%C3%B3n%20y%20del%20trabajo%20remunerado>

Mar F. Cendón, *Normal é un programa da lavadora*, pp 7

Marta Fontenla.(/-3-2008). *¿Qué es el patriarcado?* Mujeres en red.  
<https://www.mujiresenred.net/spip.php?article1396>

M. del Río (10-03-2020), Conciencia de xénero no perosnal e no académico,  
*DUVI*, <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/conciencia-xenero-persoal-academico>

Noelia Mendilarzu.(15-12-2017).*¿Qué es el transfeminismo?*.Escritura Feminista.  
<https://escriturafeminista.com/2017/12/15/que-es-el-transfeminismo/>

Qué y cuáles son los derechos sexuales y reproductivos, *Fundación huésped*  
<https://www.huesped.org.ar/informacion/derechos-sexuales-y-reproductivos/tus-derechos/que-son-y-cuales-son/>

¿Quiénes son las drag queens y los drag kings? *Sexperto*  
<https://sexperto.co/pregunta/quienes-son-las-drag-queens-y-los-drag-kings>

Raquel Seco.(28-6-2019).*Qué es ser “Queer”*. El País.  
[https://elpais.com/elpais/2019/06/28/ideas/1561722405\\_001524.html](https://elpais.com/elpais/2019/06/28/ideas/1561722405_001524.html)

Significados, Significado de diversidad <https://www.significados.com/diversidad/>

Sonia Castro (31-03-2022) Luz de gas o Gaslighting, *IEPP*  
<https://www.iepp.es/luz-de-gas-gaslighting/>

Transfeminismo.(2-9-2017).*Galipedia, a Wikipedia en galego*.  
<https://gl.wikipedia.org/wiki/Transfeminismo>

Wikifem, Cisgénero e Cisnormatividade, Mujeres activando,  
<https://www.mujiresactivando.org/wikifem/>

# RESPONSÁBEIS

## **Alumnado de 2º de Bacharelato**

Antía Alcalde Vicente

Antía García Gómez

Bruno Puceiro Romero

Carla Alcalde Rial

Fátima Alcalde Vicente

Gabriela Vázquez Deira

Iria Romero Miguéns

Laureano Figueira Tembra

Lidia Vicente Beltrán

Lucas Paz Otero

Lucía Fernández Muñoz

Marta Abuín Noya

Montserrat Sobradelo Mosquera

Naira Figueira Figueira



Natalia Touriño Romero  
Noelia Fernández Romero  
Olalla Romero Agrelo  
Paula Somoza Gómez  
Sara Vicente Bello  
Tania Cespón Gómez  
Uxía Sobradelo Barros  
Xoel Laíño Hernández

**Coordinad@s por:**

Sofía Rama Lorenzo

**IES Félix Muriel - Rianxo**

**Curso 2021-2022**



ISBN: